



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 25 DE NOVEMBRO DE 2022 (PLN/2022/7).

ASISTENTES

GRUPO POLÍTICO

ALCALDE, que preside:

D. Carlos Vieitez Fernández Non adscrito

CONCELLEIROS:

D. Ramón Tilve Castro Non adscrito

D^a María Estévez Barbeito Non adscrita

D. Ángel Currás Pérez Non adscrito

D^a M^a Dolores Balboa Lores Non adscrita

D. Ramón Alfonso Piñeiro Non adscrito

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D^a Cristina Castro Pintos MI

D. Alberto González Dopazo MI

D. M^a Pilar Prado González MI

D^a Estefania Silva Silva MI

D^a Ana Belén García Piñeiro PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 25 novembro de 2022, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

A) Parte resolutiva.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 30-09-2022.-

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2022.

Non formulando observacións a mesma, queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

Antes de pasar ao segundo punto do Orde do día, a Sra. Estévez Barbeito, concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, da lectura ao manifesto “O Salnés” contra a violencia de xénero.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE





Concello de Meaño

COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9302 EN BROULLÓN (PQ 0+780 AO PQ 0+970) E COBAS (PQ 2+400 AO PQ 2+550)” (EXP.: 125/2021).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada, a Comisión Especial de Contas, en relación con este asunto, cuxo tenor literal é o seguinte:

“O Pleno da Corporación, en sesión de data 24 de setembro de 2021, acordou aprobar o borrador do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9302 EN BROULLÓN (PQ0+780 AO PQ0+970) E COBAS (PQ2+400 AO PQ 2+550), NO CONCELLO DE MEAÑO”, formalizándose o 16 de novembro de 2021.

Segundo a cláusula novena do devandito Convenio, éste entraría en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2022.

Con data 21-10-2022, o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite borrador da Primeira Addenda ao mesmo, co obxecto de prorrogar a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023, motivado en que actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido na cláusula novena do 31 de decembro de 2022.

A vista da primeira Addenda ao Concenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ0+780 AO PQ0+970) e Cobas (PQ2+400 AO PQ 2+550), que ten por finalidade estender a vixencia ata o 31 de decembro de 2023 e o informe de Secretaría-Intervención; esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente a aprobación da Addenda proposta e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o borrador da primeira Addenda ao Concenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ0+780 AO PQ0+970) e Cobas (PQ2+400 AO PQ 2+550).

2º.- Facultar á Alcaldía par a execución deste acordo e a sinatura da presente Addenda.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros da Corporación, acorda:

1º.- Aprobar o borrador da primeira Addenda ao Concenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 9302 en Broullón (PQ0+780 AO PQ0+970) e Cobas (PQ2+400 AO PQ 2+550).





Concello de Meaño

2º.- Facultar á Alcaldía par a execución deste acordo e a sinatura da presente Addenda.

3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MEAÑO DO TREITO ANTIGO NO LUGAR DE COBAS DA EP-9306 COBAS-PADRENDA (EXP.: 982/2022)

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada, á Comisión Especial de Contas, en relación con este asunto, cuxo tenor literal é o seguinte:

“O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 15 de xuño de 2020, acordou aprobar CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 9306 COBAS-PADRENDA, PQ0+820”, cos compromisos contidos no mesmo, formalizándose o 30-11-2020 .

A cláusula Quinta do devandito Convenio recolle, entre as obrigas que asumía o Concello de Meaño “5) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:

- Treito antigo de 111 metros de estrada provincial E.P. 9306 Cobas-Padrenda comprendido entre pq. 0+000 e 0+111.

.../...”

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 9 de setembro de 2022, acordou aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño dun treito antigo de 111 metros da estrada provincial EP-9306 Cobas-Padrenda, situado no lugar de Cobas.

Co fin de poder continuar coa tramitación deste expediente, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con data de rexistro de entradas 05-10-2022, n.º 2022-E-RC-4311, solicita o acordo plenario da conformidade do Concello de Meaño á transferencia de titularidade proposta.

A vista do que antecede e do informe emitido pola secretaria-interventora, esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este cambio de titularidade, e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Amosar conformidade e aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño dun treito antigo de 111 metros da estrada provincial EP-9306 Cobas-Padrenda, situado no lugar de Cobas.

2º.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura da acta de entrega entre a Deputación e o Concello.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, con sete





Concello de Meaño

abstencións (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI e do/a concelleiro/a do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e seis votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos) acorda:

1º.- Amosar conformidade e aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño dun treito antigo de 111 metros da estrada provincial EP-9306 Cobas-Padrenda, situado no lugar de Cobas.

2º.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura da acta de entrega entre a Deputación e o Concello.

4º.- TOMA DE RAZÓN E EXECUCIÓN DA SENTENZA N.º 222/2022 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO ORDINARIO N.º 0000349/2019, POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 1 DE PONTEVEDRA.(EXP. 665/2020).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada, á Comisión Especial de Contas, en relación con este asunto, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Vista a sentenza n.º 00222/2022, ditada con data 19 de xullo de 2022, pola Maxistrada Xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, en relación co procedemento ordinario 0000349/2019, da que é demandante Dª Berta Buezas Domínguez, sentenza que foi completada mediante auto de data 27-07-2022 e 13-09-2022 e que ven a fallar:

“Que, estimando a demanda presentada por DOÑA BERTA BUEZAS DOMÍNGUEZ contra CONCELLO DE MEAÑO declaro que la relación laboral que une a las partes es de naturaleza indefinida no fija y de carácter discontinuo o a tiempo parcial por el período que cada año abarque el curso escolar, con antigüedad del 3 de octubre de 2012, condenando a la demandada a estar y pasar por esta declaración con los efectos que de ella se derivan.”

Visto o informe emitido pola secretaria-interventora, con data 11 de novembro de 2022, no que:

“1º.- Pode concluirse:

1. O carácter de indefinido non fixo das relacións laborais só pode ser declarado por Sentenza, así o deixa claramente establecido a xurisprudencia, o punto 4 do artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia e a Disposición Adicional cuadraxésima terceira da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2018, que ten vixencia indefinida e se dicta ao amparo do artigo 149.1.18ª da Constitución. Así memso, as administracións públicas non poden converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal, artigo 27.3 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.

2. Esta declaración comporta a obriga da Administración de proceder a cubrir o posto de traballo de que se trate a través dos procedementos de acordo co establecido na normativa aplicable, que garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. Na medida que o organismo público empregador ten a obriga de levar a cabo a cobertura regulamentaria destes postos, este tipo de relación queda sometida a unha condición (a provisión da





Concello de Meaño

vacante polos procedementos legais de cobertura ou amortización das mesmas) e extínguese coa provisión na forma legalmente procedente das referidas prazas, ou ben, se se produce unha amortización das mesmas.

Os contratos do persoal indefinido non fixo, dí a xurisprudencia, teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada, ata a cobertura regulamentaria dos postos ou a súa amortización.

2º.- Comporta a obriga por parte do Concello de realizar as seguintes actuacións para levar a cabo o cumprimento da sentenza e a lexislación aplicable:

a) *Procede tomar coñecemento da mesma, acatadoa e cumpríndoa nos seus termos, declarando a natureza da relación laboral que une as partes de indefinida non fixa de carácter discontinuo a tempo parcial polo período que cada ano abrangue o curso escolar, segundo o fallo contido na sentenza 222/20220 e autos aclaratorias a mesma, ditados pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra,*

b) *Recoñecer o carácter indefinido non fixa, discontinuo e a tempo parcial polo período que cada ano abarque o curso escolar con antigüidade do 3 de outubro de 2012 da traballadora Dª Berta Buezas Domínguez, como coidadora, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial, de coidadora Plan madruga-comedor, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2020 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2020, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 02-09-2020 e na Oferta extraordinaria de emprego temporal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 19-05-2022, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; coas retribucións ao mesmo asignadas.*

c) *Articular o correspondente proceso selectivo para cubrir este posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial, segundo se sinala na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público*

d) *Unha vez rematado o proceso selectivo seguido para cubrir este posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial e previamente á formalización desta relación laboral, extinguir a relación laboral indefinida do Concello de Meaño con esta traballadora.”*

A vista do que antecede, esta Alcaldía proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Tomar coñecemento da sentenza 222/20220 e autos aclaratorias a mesma, ditados pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, acatadoa e cumpríndoa nos seus termos; declarando a natureza da relación laboral que une ao Concello de Meaño e a Dª Berta Buezas Domínguez como indefinida non fixa e de carácter discontinuo a tempo parcial polo período que cada ano abrangue o curso escolar, con antigüidade do 3 de outubro de 2012.*

2º.- *Recoñecer a natureza indefinido non fixa e de carácter discontinuo e a tempo parcial polo período que cada ano abrangue o curso escolar, con antigüidade do 3 de outubro de 2012, da traballadora Dª Berta Buezas Domínguez, como coidadora, ata a cobertura do posto con carácter*





Concello de Meaño

laboral fixo discontinuo a tempo parcial; coa adscrición temporal ao un dos posto de traballo vacante de persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, de coidadora, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2020 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2020, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 02-09-2020 e na Oferta extraordinaria de emprego temporal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 19-05-2022, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; coas retribucións ao mesmo asignadas.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros **acorda:**

1º.- Tomar coñecemento da sentenza 222/20220 e autos aclaratorias a mesma, ditados pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, acatada e cumpríndoa nos seus termo; declarando a natureza da relación laboral que une ao Concello de Meaño e a Dª Berta Buezas Domínguez como indefinida non fixa e de carácter discontinuo a tempo parcial polo período que cada ano abrangua o curso escolar, con antigüidade do 3 de outubro de 2012.

2º.- Recoñecer a natureza indefinido non fixa e de carácter discontinuo e a tempo parcial polo período que cada ano abrangua o curso escolar, con antigüidade do 3 de outubro de 2012, da traballadora Dª Berta Buezas Domínguez, como coidadora, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial; coa adscrición temporal ao un dos posto de traballo vacante de persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, de coidadora, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2020 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2020, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 02-09-2020 e na Oferta extraordinaria de emprego temporal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 19-05-2022, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; coas retribucións ao mesmo asignadas.

5º.- TOMA DE RAZÓN E EXECUCIÓN DA SENTENZA N.º 356/2022 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO ORDINARIO N.º 0000395/2019, POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 3 DE PONTEVEDRA.(EXP. 352/2020).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada, á Comisión Especial de Contas, en relación con este asunto, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Vista a sentenza n.º 00356/2022, ditada con data 25 de outubro de 2022, pola Maxistrada





Concello de Meaño

Xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, en relación co procedemento ordinario 0000395/2019, da que é demandante D^a M.^a Herminia Fernández Fernández, que ven a fallar:

“Estimando la demanda interpuesta por DOÑA MARIA HERMIDA FERNANDEZ FENANDEZ frente al CONCELLO DE MEAÑO, declaro que la relación laboral que une a las partes tiene naturaleza indefinida no fija de carácter discontinuo a jornada parcial por el periodo escolar.”

Visto o informe emitido pola secretaria-interventora, con data 11 de novembro de 2022, no que:

“1º.- Pode concluirse:

1. O carácter de indefinido non fixo das relacións laborais só pode ser declarado por Sentenza, así o deixa claramente establecido a xurisprudencia, o punto 4 do artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia e a Disposición Adicional cuadraxésima terceira da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2018, que ten vixencia indefinida e se dicta ao amparo do artigo 149.1.18ª da Constitución. Así mesmo, as administracións públicas non poden converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal, artigo 27.3 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.

2. Esta declaración comporta a obriga da Administración de proceder a cubrir o posto de traballo de que se trate a través dos procedementos de acordo co establecido na normativa aplicable, que garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. Na medida que o organismo público empregador ten a obriga de levar a cabo a cobertura regulamentaria destes postos, este tipo de relación queda sometida a unha condición (a provisión da vacante polos procedementos legais de cobertura ou amortización das mesmas) e extínguese coa provisión na forma legalmente procedente das referidas prazas, ou ben, se se produce unha amortización das mesmas.

Os contratos do persoal indefinido non fixo, dí a xurisprudencia, teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada, ata a cobertura regulamentaria dos postos ou a súa amortización.

2º.- Comporta a obriga por parte do Concello de realizar as seguintes actuacións para levar a cabo o cumprimento da sentenza e a lexislación aplicable:

a) *Procede tomar coñecemento da mesma, acatadoa e cumpríndoa nos seus termos, declarando a natureza da relación laboral que une as partes de indefinida non fixa de carácter discontinuo a tempo parcial polo período escolar, segundo o fallo contido na sentenza 356/2022 do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra,*

b) *Recoñecer o carácter indefinido non fixa, discontinuo e a tempo parcial polo período escolar da traballadora D^a M.^a Herminia Fernández Fernández, como limpadora CEIP, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial; coa adscrición temporal ao un dos posto de traballo vacante de persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, de Limpadoras/es CEIP e edificios municipais, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2020 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2020, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 02-09-2020 e na Oferta extraordinaria de emprego temporal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 19-05-2022, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro,*





Concello de Meaño

de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; coas retribucións ao mesmo asignadas.

c) Articular o correspondente proceso selectivo para cubrir este posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial, segundo se sinala na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

d) Unha vez rematado o proceso selectivo seguido para cubrir este posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial e previamente á formalización desta relación laboral, extinguir a relación laboral indefinida do Concello de Meaño con esta traballadora.”

A vista do que antecede, esta Alcaldía proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Tomar coñecemento da sentenza 356/2022, ditada polo maxistrado xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, acatadoa e cumprindoa nos seus termo; declarando a natureza da relación laboral que une ao Concello de Meaño e a Dª M.ª Herminia Fernández Fernández como indefinida non fixa e de carácter discontinuo a xornada parcial por período escolar.

2º.- Recoñecer a natureza indefinido non fixa e de carácter discontinuo e a xornada parcial polo período escola, da traballadora Dª M.ª Herminia Fernández Fernández, como limpadora CEIP, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo parcial; coa adscrición temporal ao un dos posto de traballo vacante de persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, de Limpadoras/es CEIP e edificios municipais, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2020 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2020, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 02-09-2020 e na Oferta extraordinaria de emprego temporal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 19-05-2022, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; coas retribucións ao mesmo asignadas.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros acorda:

1º.- Tomar coñecemento da sentenza 356/2022, ditada polo maxistrado xuíz do Xulgado do Social n.º 3 de Pontevedra, acatadoa e cumprindoa nos seus termo; declarando a natureza da relación laboral que une ao Concello de Meaño e a Dª M.ª Herminia Fernández Fernández como indefinida non fixa e de carácter discontinuo a xornada parcial por período escolar.

2º.- Recoñecer a natureza indefinido non fixa e de carácter discontinuo e a xornada parcial polo período escola, da traballadora Dª M.ª Herminia Fernández Fernández, como limpadora CEIP, ata a cobertura do posto con carácter laboral fixo discontinuo a tempo





Concello de Meaño

parcial; coa adscrición temporal ao un dos posto de traballo vacante de persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, de Limpadoras/es CEIP e edificios municipais, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2020 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2020, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 02-09-2020 e na Oferta extraordinaria de emprego temporal, aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 19-05-2022, en cumprimento do disposto no parágrafo segundo do artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; coas retribucións ao mesmo asignadas.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á DESAFECTACIÓN DAS CASAS DE MESTRES DO CEIP COIRÓN-DENA. (EXP. 993/2022).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra á voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dando lectura a Sra. García Piñeiro ao texto da moción presentada por este grupo, con data 07-11-2022, n.º 2022-E-RE-1973, referida á desafectación das casa de mestres do CEIP Coirón-Dena:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través da súa voceira, Ana Belén García Piñeiro, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN, REFIRIDA Á DESAFECTACIÓN DAS CASAS DE MESTRES DO CEIP COIRÓN-DENA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

No recinto do CEIP Coirón-Dena atópanse unha serie de construcións, coñecidas como “casas dos mestres” e un edificio prefabricado.

Na súa orixe, as vivendas cumprían unha dobre función. Dunha parte, o soldo que percibían as mestras e mestres na década dos 70 do século pasado, durante a dictadura franquista, era moi baixo e poder vivir nestas vivendas supoñía un aforro importante para os e as profesionais.

Doutra parte, a parroquia de Dena e o Concello de Meaño non dispoñían dunha gran oferta de alugueres.

Pasaron máis de cincuenta anos e as cousas cambiaron moito. Hoxe en día, vivimos nunha democracia, na que o soldo dos e das profesionais do ensino é dos máis altos e a parroquia de Dena e o Concello de Meaño dispoñen dunha ampla oferta de alugueres, pensións, hoteis..., sen contar a oferta existente en concellos próximos.

O certo, é que non existe ningunha razón para que no século XXI estas construcións, que non aportan nada á veciñanza nin aos escolares e non precisan os profesionais, continúen existindo.

En canto ao edificio prefabricado, desde o ano 2009, o centro en cuestión conta con servizo de comedor nunha caseta de obra, que recorda a un barracón.

En agosto de 2016, a prensa anunciou un acordo asinado para planificar a construción dun espazo, no que ubicar o comedor escolar, que se podería comezar a utilizar no curso 2017-18, pero estamos no curso 2022-23 e o alumnado continúa na caseta.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS

1º. Solicitar á Xunta de Galicia a desafectación das chamadas “casas dos mestres”, existentes no CEIP Coirón-Dena, para valorar o seu estado e empregar coma casas de acollida, se o estado fose axeitado, ou derrubar, se o seu estado fose inadecuado.

2º. Instar á Xunta de Galicia a construír, no recinto do CEIP Coirón-Dena, un edificio, que acolla un comedor escolar axeitado, con capacidade suficiente para atender ao alumnado demandante deste servizo; o Plan Madrugá; e as actividades extraescolares que o centro organice.





Concello de Meaño

En Meaño, a 7 de novembro de 2022. Asdo. Ana Belén García Piñeiro. Voceira do Grupo Municipal Socialista.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º. Solicitar á Xunta de Galicia a desafectación das chamadas "casas dos mestres", existentes no CEIP Coirón-Dena, para valorar o seu estado e empregar coma casas de acollida, se o estado fose axeitado, ou derrubar, se o seu estado fose inadecuado.

2º. Instar á Xunta de Galicia a construír, no recinto do CEIP Coirón-Dena, un edificio, que acolla un comedor escolar axeitado, con capacidade suficiente para atender ao alumnado demandante deste servizo; o Plan Madruga; e as actividades extraescolares que o centro organice.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE REFERIDA A RETIRADA DAS ZONAS EN ESTUDIO E PROXECTO NO CONCELLO DE MEAÑO PARA CONVERTER POLÍGONOS AGROFORESTAIS EN VIÑEDO. (EXP. 1001/2022).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra á voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dando lectura a Sra. García Piñeiro ao texto da moción presentada por este grupo, con data 14-11-2022, n.º 2022-E-RE-2020, referida á retirada das zonas en estudio e proxecto, no Concello de Meaño, para converter polígonos agroforestais en viñado:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través da súa voceira, Ana Belén García Piñeiro, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN, REFIRIDA Á RETIRADA DAS ZONAS EN ESTUDIO E PROXECTO, NO CONCELLO DE MEAÑO, PARA CONVERTER POLÍGONOS AGROFORESTAIS EN VIÑEDO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O luns 7 de novembro de 2022, tivo lugar unha entrevista na Casa do Concello de Meaño cun representante do Consello Regulador, para aclarar o sucedido cos polígonos vinícolas, polos que o noso grupo preguntou no pasado Pleno de setembro.

Este representante explicou que a Xunta de Galicia, dentro do seu proxecto de recuperación de aldeas e terras de cultivo abandonadas, púxose en contacto co Consello Regulador para que localizasen no noso concello terreos anteriormente agrícolas, hoxe abandonados, de propiedade privada, para poder mercar ou alquilar, aillados de casas e ríos, entre outros requisitos, algúns deles incorporados a maiores polo propio Consello Regulador coma acceso a auga, por exemplo. Localizaron 2 montes, un deles en Paradela; sobre o outro non se explicou onde, aínda que o monte Penaguda aparece como polígono na páxina da Xunta de Galicia.

Segundo o falado nesa entrevista, o Concello de Meaño, sen mediar petición previa e descoñecendo os requisitos solicitados pola Xunta de Galicia e o Consello Regulador, ofreceu 6 terreos máis, que entregou ao Consello Regulador nun informe, e que se localizan en Xil, Meaño, Simes, Dena e Lores, todos montes e non todos terreos de cultivo abandonados. Meaño foi un dos dous únicos concellos que amosaron interese nestes polígonos vinícolas.

O certo é que, como se explicou na entrevista, de facerse eses polígonos no noso concello, hipotecaríase o crecemento do resto dos propietarios de fincas, que quedarían sen cupo de plantación, dato este que, sorprendentemente descoñecían no Concello, segundo afirmaron, a pesares de ofrecer os terreos.

Os intereses particulares dun reducido número de grandes empresarios, probablemente chegados de fóra, non





Concello de Meaño

poden condicionar o crecemento da veciñanza de Meaño e os seus intereses. O vinícola é un recurso das economías familiares meañesas que hai que protexer.

De igual maneira, debemos protexer os nosos montes e ríos, fundamentais para a vida e o coidado do medio ambiente. É tal a importancia desta protección para a nosa agrupación, que levamos meses pedindo unha comisión para valorar a posibilidade de realizar unha parcelaria de montes no noso concello.

A pesares de que desde a Alcaldía se nos dixo varias veces que se convocaría dita Comisión, nunca se fixo.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS

1º. Solicitar á Xunta de Galicia a retirada das zonas de estudio e proxecto, no Concello de Meaño, para converter polígonos agroforestais en viñedo

2º. Instar á Xunta de Galicia a manter un diálogo aberto sobre a posibilidade de realizar unha parcelaria de montes no Concello de Meaño. En Meaño, a 14 de novembro de 2022. Asdo. Ana Belén García Piñeiro. Voceira do Grupo Municipal Socialista.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Especial de Contas, con seis abstencións (dos/as concelleiros/as non adscritos) e sete votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI e do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) acorda:

1º. Solicitar á Xunta de Galicia a retirada das zonas de estudio e proxecto, no Concello de Meaño, para converter polígonos agroforestais en viñedo.

2º. Instar á Xunta de Galicia a manter un diálogo aberto sobre a posibilidade de realizar unha parcelaria de montes no Concello de Meaño. En Meaño, a 14 de novembro de 2022. Asdo. Ana Belén García Piñeiro. Voceira do Grupo Municipal Socialista.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MI PARA INSTAR A XUNTA A DESESTIMAR AS PROPOSTAS EMITIDAS DENDE O CONCELLO DE MEAÑO PARA A CONVERSIÓN DE TERREOS FORESTAIS EN ZONAS DE USO VITIVINÍCOLA. (EXP. 994/2022).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, dando lectura o Sr. Ásperez Montes ao texto da moción presentada por este grupo, con data 10-11-2022, n.º 2022-E-RE-1997, na que se propón instar á Xunta a desestimar as propostas emitidas dende o Concello de Meaño para a conversión de terreos forestais en zonas de uso vitivinícola:

“Eu, Dº Jose M. Aspérez Montes, con DNI nº 76.813.900.H, como voceiro do grupo de Concelleiros VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte: MOCIÓN PARA INSTAR A XUNTA A DESESTIMAR AS PROPOSTAS EMITIDAS DENDE O CONCELLO DE MEAÑO PARA A CONVERSIÓN DE TERREOS FORESTAIS EN ZONAS DE USO VITIVINÍCOLA

EXPOÑO:

Que o pasado 4 de agosto se daba a coñecer a través dun artigo de prensa a posibilidade do cambio de uso de certas extensións de terreo de monte do termo municipal de Meaño para viñedo, definíndoas como “zonas preferentes” para poder impulsar a creación de polígonos agroforestais. No pasado pleno de 30 de setembro, o Sr Alcalde, recoñeceu ter enviado 5 propostas para a posible creación destes polígonos que presumiblemente se impulsaban dende a Consellería de Medio Rural e do Consello Regulador para o seu emprego na plantación de





Concello de Meaño

novas zonas de viñado.

O luns 7 de Novembro un técnico do Consello Regulador mantivo unha reunión cos representantes das 3 agrupacións políticas da Corporación de Meaño. Nesta reunión ademais de falar de varios temas de interese relacionados co asunto das explotacións vitivinícolas, aclarou que a normativa non contemplaba a transformación de terreos forestais, se non que a creación de polígonos tiña que ser en terreos de uso agrario que estivesen abandonados para a recuperación destas zonas de cultivo.

MANIFESTAMOS:

Na referida reunión mantida co representante do Consello Regulador, quedou de manifesto que as propostas emitidas dende o Concello de Meaño non se ateen á normativa correspondente para a creación destes polígonos, posto que deben plantexarse en terreo de uso agrario abandonado para a súa recuperación e non en zonas forestais como as plantexadas polo Alcalde.

Que o Consello Regulador Rias Baixas trasladou un informe de propostas a Xunta de Galicia con dúas posibilidades para a creación de polígonos vitivinícolas que en ningún caso son coincidentes coas do Alcalde.

Ademais a implantación deste sistema de polígonos causaría un gran prexuízo ós pequenos viticultores, como o son unha meirande parte das veciñas e dos veciños do Concello de Meaño, xa que limitaría a nova extensión a plantar polos pequenos propietarios.

Así, e por todo o exposto anteriormente solicitamos a seguinte:

MOCIÓN:

Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño:

-Instar á Xunta de Galicia, en concreto á Consellería de Medio Rural a desestimar a proposta da creación dos polígonos agrarios para viticultura emitida polo Sr Alcalde de Meaño.

-Comunicar ó Consello Regulador o acordo Plenario, no caso de que fose aprobada esta moción, e polo tanto proceda desestimar a comunicación das propostas que foron trasladadas dende a alcaldía de Meaño.

Asinado: Jose M. Aspérez Montes”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame da Comisión Especial de Contas, con seis abstencións (dos/as concelleiros/as non adscritos) e sete votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI e do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) acorda:

-Instar á Xunta de Galicia, en concreto á Consellería de Medio Rural a desestimar a proposta da creación dos polígonos agrarios para viticultura emitida polo Sr Alcalde de Meaño.

-Comunicar ó Consello Regulador o acordo Plenario, no caso de que fose aprobada esta moción, e polo tanto proceda desestimar a comunicación das propostas que foron trasladadas dende a alcaldía de Meaño.

9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MI PARA INSTAR A XUNTA DE GALICIA O REMATE DA OBRA NO ENTRONQUE DO VIAL O PAZO-COIRÓN COA ESTRADA PO-550, ASÍ COMO A REPOSICIÓN E GARANTÍA DA SEGURIDADE VIARIA NO CITADO TRAMO. (EXP. 1000/2022).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, dando lectura o Sr. Ásperez Montes ao texto da moción presentada por este grupo, con data 01-11-2022, n.º 2022-E-RE-1937, na que se propón instar á Xunta ó remate da obra no entronque do





Concello de Meaño

vial O Pazo-Coirón coa estrada PO-550, así como a reposición e garantía da seguridade viaria no citado tramo:

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0599 [Relacion Orden e Transferencia pagos outubro];"20/10/22 11:35";"Relacion orden e transferencia de pagos mes de outubro."; "107/2022"; "Pagos"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0598 [Resolucion de reparos e validacion do gasto];"20/10/22 10:56";"PAGOS OUTUBRO 2022 --"; "107/2022"; "Pagos"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0597 [Relacion Aprobacion facturas outubro I];"20/10/22 10:56";"Resolucion Aprobacion Pagos Outubro I"; "107/2022"; "Pagos"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0596 [Relacion aprobacion pagos outubro II];"20/10/22 10:56";"Relacion Aprobacion de pagos Outubro II."; "107/2022"; "Pagos"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0595 [Decreto Alcaldia];"20/10/22 10:31";"Resolucion recurso multas"; "152/2020"; "Sancionador de Tráfico e Transportes"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0594 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA ACTA DE RECEPCIÓN E FACTURA DA OBRA SENDA PEONIL EN FAXÍN-DENAC];"19/10/22 14:46";"APROBACION CERTIFICACION DE OBRA E FACTURA CORRESPONDENTE A EXECUCIÓN DA OBRA SENDA PEONIL EN FAXIN-DENA."; "207/2022"; "Subvencións Solicitadas a Outra Administración"; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0593 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATO MENOR DE DIRECCIÓN DA OBRA MELLORA EFICIENCIA





Concello de Meaño

ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO PAVILLÓN DE MEAÑO];"19/10/22 12:37";"CONTRATO MENOR DE DIRECCIÓN DA OBRA MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE APVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO --";"904/2022";"Contratacións";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0592 [RESOLUCION ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES J.L.F.B.];"19/10/22 10:50";"SIA 1490422 -- 220 Estadística y Padrón -- Expediente 871/2022 -- Alta Padrón Municipal de Habitantes J.L.F.B."; "871/2022";"Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0591 [RESOLUCION ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES L.R.];"19/10/22 10:50";"SIA 1490422 -- 220 Estadística y Padrón -- Expediente 899/2022 -- Alta Padrón Municipal de Habitantes L.R."; "899/2022";"Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0590 [RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN CONTRATO ASIGNACIÓN HORAS LINGUAXE MUSICAL];"17/10/22 13:40";"RESOLUCIÓN MODIFICACIÓN HORAS MESTRE MUSICA CURSO 2022/2023";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0589 [Resolucion aprobacion de factura oficina informacion turistica];"17/10/22 12:11";"APROBACION DA FACTURA CORRESPONDENTE AO MES DE SEPTEMBRO DO CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE OFICINA DE TURISMO --";"459/2022";"Contratacións."; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0588 [RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA];"14/10/22 13:54";"NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA BAIXA DE MATERNIDADE ALEJANDRA RODRIGUEZ CORTEGOSO."; "848/2022";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0587 [RESOLUCIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS CONVOCATORIA LINGUAXE MUSICAL];"14/10/22 11:56";"RESOLUCIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS CONVOCATORIA LINGUAXE MUSICAL";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0586 [CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN];"14/10/22 11:55";"CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN."; "730/2021";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0585 [RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL FISIOTERAPEUTA/TÉCNICA XIMNASIA TERAPÉUTICA];"14/10/22 11:55";"RESOLUCIÓN CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL TÉCNICA XIMNASIA TERAPÉUTICA";"809/2022";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0584 [RESOLUCION DA ALCALDIA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA IGUAIS NO DEPORTE];"13/10/22 19:22";"Contratación do servizo para o desenvolvemento do Programa iguais no deporte."; "275/2022";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0583 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio L.R.P.];"11/10/22 15:16";"SIA 1490367 -- 220 Estadística y Padrón -- Expediente 869/2022 -- -- Solicitud de cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes (L.R.P) --"; "869/2022";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0582 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio Y.A.G.];"11/10/22 15:16";"SIA 1490367 -- 220 Estadística y Padrón -- Expediente 834/2022 -- Solicitud de cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes Y.A. G.C."; "834/2022";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0581 [TR351B RESOLUCIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN CONTRATACIÓN AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL 2022];"10/10/22 15:02";"TR351B SUBVENCIÓN AXENTES EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL";"873/2022";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0580 [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DE 23 DE AGOSTO DE 2022 PARA A REALIZACION DE AUDITORIAS DE SANEAMENTO];"6/10/22 22:25";"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 23 DE AGOSTO DE 2022 DE AUGAS DE GALICIA PARA A REALIZACION DE





Concello de Meaño

AUDITORIAS DE SANEAMENTOI --;"875/2022";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0579 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes N.P]";"6/10/22 13:46";"SIA 1490367 -- 220 Estadística y Padrón -- Expediente 833/2022 --Solicitud de alta no Padrón Municipal de Habitantes N.P.D. --";"833/2022";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0578 [RESOLUCION CONVOCATORIA COMITE SEG. SAUDE 10/10/22]";"6/10/22 10:04";"SIA 1490782 -- 200 Secretaría -- Expediente 256/2022 -- Múltiples interesados -- COMITE DE SEGURIDADE E SAUDE DO CONCELLO DE MEAÑO -- CONVOCATORIA REUNION 10/10/2022";"256/2022";"Prevención de Riscos Laborais";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0577 [RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA BOLSA MONITOR ACT. FISICO DEPORT]";"6/10/22 10:04";"SIA 1490796 -- 230 Personal -- Expediente 861/2022 -- CONVOCATORIA FORMACION BOLSA DE EMPREGO MONITOR DEPORTES -- RESOLUCION APROBACION BASES E CONVOCATORIA";"861/2022";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0576 [Procedementos sancionadores materia trafico]";"6/10/22 9:01";"Incoación de procedementos sancionadores en materia de tráfico."; "152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0575 [RESOLUCION DE ALCALDIA 2021-0512 [RESOLUCIÓN CONVOCATORIA INTERNA, ESPECIALIDADE LINGUAXE MUSICAL]";"5/10/22 15:13";"SIA 1490796 -- 500 AEDL -- Expediente 734/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PROFESORES ESCOLA DE MUSICA --";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0574 [RESOLUCION DE ALCALDIA [RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DA ORQUESTRA RITMO JOVEN NA PROGRAMACIÓN CULTURAL 2022-FESTA DOS MILAGRES]";"5/10/22 15:13";"SIA 1490813 -- 200 Secretaría -- Expediente 772/2022 -- B27878644 ASESORAMIENTO PROFESIONAL MUSICAL SOCIEDAD LIMITADA -- Contrato menor actuación Ritmo Joven Festa dos Milagres --";"772/2022";"Contratacións."; "subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0573 [RESOLUCION DA ALCALDIA LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS OUTUBRO 2022]";"5/10/22 12:32";"SIA 1497441 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 839/2022 -- LICENZAS URBANISTICAS E COMUNICACIONES PREVIAS OUTUBRO 2022 --";"839/2022";"Licenzas Urbanísticas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0572 [RESOLUCIÓN INICIO ACTIVIDADE E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE MESTRES ESCOLA MÚSICA MUNICIPAL DE MEAÑO CURSO 2022/2023]";"4/10/22 12:43";"RESOLUCIÓN INICIO ACTIVIDADE E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MESTRES ESCOLA MÚSICA MUNICIPAL DE MEAÑO";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0571 [RESOLUCIÓN CORRECCIÓN DE ERROS NOMINA AGOSTO ANTONIO VAZQUEZ ROSALES]";"3/10/22 13:45";"RESOLUCIÓN CORRECCIÓN ERROS NÓMINA AGOSTO ANTONIO VÁZQUEZ ROSALES";"43/2022";"Nóminas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0570 [ORDE DOMICILIACIÓN BANCARIA NOMINAS SETEMBRO 2022]";"3/10/22 12:23";"RESOLUCIÓN ORDE DOMICILIACIÓN BANCARIA NÓMINAS SETEMBRO 2022";"43/2022";"Nóminas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0569 [resolucion formacion de bolsa piano-coro, guitarra e violonchelo]";"3/10/22 12:04";"SIA 1490796 -- 500 AEDL -- Expediente 734/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PROFESORES ESCOLA DE MUSICA PIANO CORO, GUITARRA E VIOLONCHELO- RESOLUCION FORMACION BOLSA";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0568 [667-2022_RESOLUCIÓN DE ALCALDIA_2º AVISO_P618_JOAQUINA ROSA VARELA CAMIÑA]";"3/10/22 12:03";"SIA 1490821 -- 270 Permisos Medio Ambiente -- Expediente 667/2022 -- Múltiples interesados -- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE PARCELAS EN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS_XIL-Pavellon -- 2º AVISO_P618_JOAQUINA ROSA VARELA CAMIÑA";"667/2022";"Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0567 [667-2022_RESOLUCIÓN DE ALCALDIA_2º AVISO_P620_CARMEN VAZQUEZ GARCIA]";"3/10/22 12:03";"SIA 1490821 -- 270





Concello de Meaño

Permisos Medio Ambiente -- Expediente 667/2022 -- Múltiples interesados -- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE PARCELAS EN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS_XIL-Pavellon -- 2ºAVISO_P620_CARMEN VAZQUEZ GARCIA";"667/2022";"Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0566 [730-2022_RESOLUCIÓN DE ALCALDIA_2ºAVISO_P316_ELVIRA PADIN VARELA]";"3/10/22 12:03";"SIA 1490821 -- Expediente 730/2022 -- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE PARCELAS EN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS -- 2ºAVISO_P316_ELVIRA PADIN VARELA";"730/2022";"Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades";"subscricións completa"
"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0565 [730-2022_RESOLUCIÓN DE ALCALDIA_2ºAVISO_P317_Herdeiros de PURA GONZALEZ OTERO]";"3/10/22 12:03";"SIA 1490821 -- Expediente 730/2022 -- INCUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE LIMPEZA DE PARCELAS EN PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS -- 2ºAVISO_P317_Herdeiros de PURA GONZALEZ";"730/2022";"Protección da Legalidade Ambiental e de Actividades";"subscricións completa"

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía neste período.

FORA DO ORDE DO DÍA

* Concluído o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, o Sr. cédelle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes para que presente unha moción que por erro non foi incluída no Orde do día desta convocatoria.

MOCIÓN PROPOSTA DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que se trata dunha proposta que lles trasladou a PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA, en defensa da sanidade pública, que foi presentada polo Grupo MI con data 15-10-2022, nº de rexistro 15-10-2022, e que pasa a ler a Sra. Castro Pintos

“En Meaño a 15 de Outubro de 2022 Eu, Dº Jose M. Aspérez Montes, con DNI nº 76.813.900.H, como voceiro do grupo de Concelleiros VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte moción trasladada dende a PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA

PROPOSTA DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, DE MOCIÓN TIPO, PARA PRESENTAR DE MANEIRA UNITARIA EN TODOLOS CONCELLOS E DIPUTACIONES DE GALICIA:

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Para facer fronte a esta situación, este Concello (ou Deputación),

ACORDA:





Concello de Meaño

Apoiar a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende: que o Parlamento Galego, debata e aprobe unha serie de medidas:

- *Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.*
- *Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.*
- *Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.*
- *Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias pechados durante os últimos anos.*
- *Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.*
- *Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.*
- *Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.*
- *Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.*

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación da Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais, somos esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos trece membros, que en todo caso representa a maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, acorda ratificar a urxencia da mesma e incluíla no orde do día.

Unha vez deliberada e sometida a votación ordinaria o contido e propostas da devandita moción, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda apoiala e subscribilas propostas.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

* O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, anuncia os seguintes rogos e preguntas por escrito:

ROGOS PSOE

1. Gústalle facerse de rogar, fainos solicitar por terceira vez a colocación de varios espellos para mellorar a visibilidade viaria. As zonas solicitadas foron Altamira nº 39 (Dena), Plaza dos Agros (Meaño) e á saída do cemiterio de Meaño. Non nos obrigue a facelo una cuarta vez





Concello de Meaño

porque sabe que o faremos.

2. Entendemos que a luz vai cara, pero un accidente de tráfico é mais custoso. Non é a primeira vez que llo dicimos, pero na subida a Seixomil, non hai ningún tipo de iluminación. É complicado localizar a entrada do desvío e hai que facer toda a subida a escuras. Seixomil tamén é de Meaño.

3. Na era dixital o Goberno está facendo que Meaño se quede atrás. Non promociona, de maneira adecuada, os servizos cos que conta. Na súa páxina web, por exemplo, non aparece un teléfono para chamar directamente á Policía Local, un servizo fundamental para a veciñanza e para as incidencias que poidan suceder ao logo dun día. Sería bo que o deixe traballar.

4. Volveron os temporais e volvemos a ver colectores tirados. En mais dunha ocasión propuxemos que se construíra unha base de cemento para colocalos enriba, nos lugares onde non existan, e barras para suxeitalos. Non é o mais custoso nin o que máis traballo dá.

5. Os semáforos que se atopan no centro de Dena teñen o piloto dos vehículos moi alto. Deberíanse baixar para mellorar a visibilidade dos turismos e das motos.

6. Sabemos que ten moi boa relación coa Xunta de Galicia. Nun deses encontros, por favor, recorde pedirilles de novo a limpeza e o corte de árbores nas pendentes da autovía que quedan pegadas a camiños municipais.

7. Falando de árbores, tamén sería conveniente revisar que as árbores e plantas das propiedades privadas non invadan as beirarrúas, dificultando o paso dos transeúntes.

8. Estiveron repoñendo e arranxando os taboleiros de anuncios do Concello. Non entendemos por que, sabendo que falta un en Tanoira (Padrenda), non aproveitaron para volver colocalo no seu sitio. Fágano que aínda están a tempo.

9. Cada vez hai mais vehículos de todo tipo, circulando polas vías do noso Concello. Por iso, unha sinalización adecuada das vías é fundamental para evitar colisións. É un bo momento para facer unha revisión da mesma.

10. A beirarrúa que está diante da Ferretería Méndez está case sempre inutilizada por ter coches aparcados enriba dela. Isto provoca que os peóns teñan que baixar da beirarrúa, invadir a estrada na saída da curva, pasar os coches mal aparcados e volver á beirarrúa nun lugar moi perigoso. Sería bo que se colocasen pivotes que eviten que suban os vehículos.

11. Este verán limparon algúns dos ríos de Meaño? A verdade é que polo seu aspecto non o parece. Deberíase pedir a Augas de Galicia unha boa limpeza para evitar desbordamentos e danos materiais neste inverno.

12. Polo que vimos na documentación deste Pleno, empregáronse botellas de bebidas alcólicas como agasallos para os/as colaboradores/as da Carreira Popular de Meaño. Esas botellas foron mercadas polo concello, non entregadas por ningún patrocinador. Igual nunha cita deportiva, que se promociona e aspira a medrar, onde se favorecen unha serie de valores e hábitos de vida saudables, poderíase optar por outro tipo de agasallos.

13. Seguen pendentes de redacción varias ordenanzas propostas por esta Agrupación e aprobadas en Pleno. Non respecta os acordos plenarios e, como medida de presión, vímonos obrigados a abstermos na votación referida ás axudas á natalidade. Debería estar redactada unha ordenanza, tal e como se aprobou en Pleno, que é a única maneira de garantir que ese ingreso non vai depender de quen se sente no sillón ou se sobran cartos a final de ano. Deixe que o persoal municipal traballe nas mocións





Concello de Meaño

aprobadas en Pleno ou busque outros medios para facelo.

PREGUNTAS PSEO:

1. Meaño conta cun único axente da Policía Local. Fai meses faláron de incorporar, cando menos, un axente máis. Nós cremos que o noso concello debería contar cos 5, que tivo no seu momento, con turnos, con fins de semana... Da maneira que está o servizo agora mesmo, o que pode suceder é que se queime ao profesional que debe afrontar todo o traballo en solitario. Dixémosllo noutro Pleno, hai que coidar ao persoal por saúde e por respecto. Para cando un novo axente?
2. A beirarrúa que se encontra na rotonda de Altamira atópase destrozada. Como supoñemos que xa o saben, que pensan facer?
3. Rematouse a obra de Premedeirín, pero en dirección a Laxes (no lugar da Igrexa), existe un burato no medio da curva que pon en perigo aos viandantes. Está sinalizado, pero non solucionado. Que van facer, esperar a abril de 2023??
4. A última vez que se fixo o mantemento do céspede na Praza Nova de Dena foi a través de persoal municipal? De non ser o caso, quen o fixo? Cal foi o motivo?
5. As persoas, que empregaron nalgún momento a Senda Peonil en FaxínDena, comprobaron que remata no medio das terras. Non leva a ningún lugar. Pero, si tivo un custo realizala. Existe algún plan para esa senda? No caso de existir, cales son os prazos previstos? Como vai promocionar a senda?
6. Nas resolucións da Alcaldía, aparece unha factura de 532'40 euros por traballos realizados nas instalacións da piscina municipal de Dena do 31.08.2022. Que traballos foron os que se realizaron?
7. Pagouse a cota de socio do Concello de Meaño, 600 euros, á Asociación Ruta do Viño Rías Baixas. Agora que está próximo o remate do ano 2022, podería dicirnos cales son as actividades previstas para realizar esta asociación, no noso concello, durante o próximo 2023?
8. A Televisión da Mancomunidade do Salnés recibiu como pago, pola emisión da campaña de promoción da "Carreira Popular 2022" spot promocional e programa de Festa en Festa, 2.057 euros. Exactamente en que consistiu esa promoción? Como se elixiu a canle? Que se pretendía acadar con esa promoción?
9. Polo que lemos na documentación, vai invertir 42.882,40 euros nos parques infantís da Praza do Concello e da Área Recreativa dos Pasales, polo seu deterioro. Vaise cubrir algún dos dous, tendo en conta que estamos en Galicia?
10. 59.804'06 euros é o orzamento base de licitación do proxecto para o mirador e axardinamento no monte Toxa en Meaño. Pode falarnos da demanda social que motiva esta inversión? A que idade de poboación vai dirixida e beneficia esta actuación? Cal é a súa finalidade? Vaise promocionar na televisión? Inda esta a tempo de rectificar.
11. No Pleno de setembro falamos da inexistencia dun convenio entre o noso concello e algún tipo de asociación, protectora ou santuario de animais, que se faga cargo dos gatos (recordamos que dos cans ocúpase CAAN, da Deputación) nin de persoal adecuado para ocuparse destas labores. Con que asociación comezaron a falar para realizar un convenio?
12. Durante a última sesión plenaria, afirmou que nos remitía un informe cos ingresos do ano 2021 e 2022 pola cobro da taxa anual polo uso de terraza en vía pública, pero no o fixo. Así que, por favor, díganos agora, xa que non tiña o dato no Pleno anterior, a pesares de que entregamos as preguntas 24 horas antes do Pleno, cales foron ese importes e se se cobran unha vez ao ano, ao semestre, ao trimestre, ao mes? Iso tampouco soubo contestárnolo.
13. Como lle dixemos que faríamos, porque este é o terceiro Pleno realizado e inda non se nos dixo nada, retomamos as preguntas sen máis intención que a da información, que para iso son as preguntas.





Concello de Meaño

Cal foi o custe total da Festa do Viño? Como lle foi ás empresas participantes? Despois da festa, as empresas notaron un aumento no seu volume de facturación?

14. Despois de darnos largas coa convocatoria dunha Comisión que valorara a parcelaria de montes, no Pleno pasado falamos da existencia dun proxecto para crear polígonos vinícolas por parte da Xunta, que publicaron os medios de comunicación. Nese Pleno preguntamos pola Comisión pendente, afirmou que concertaría unha cita coa Xunta de Galicia, que aínda non solicitara este luns cando lle preguntamos na Comisión; que acordaría unha entrevista cos técnicos municipais, da que non se acordaba ese mesmo luns; e Consello Regulador, que si tivo lugar e provocou a nosa moción de hoxe. Para cando as 2 reunións ás que se comprometeu CON NÓS durante a resposta á nosa última pregunta do Pleno pasado?

* O Grupo Municipal MI

Moción que é pasada a rogos polo seu contido e materia:

1. Eu, Dº Jose M. Aspérez Montes, con DNI nº 76.813.900.H, como voceiro do grupo de Concelleiros VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE, presenta ó Pleno da Corporación a seguinte: MOCIÓN PARA INSTAR Ó CONCELLO DE MEAÑO A REVISAR O CONTRATO DE COMEDOR DO CEIP COIRÓN-DENA COA EMPRESA ADXUDICATARIA POLA MALA CALIDADE DO SERVIZO

EXPOÑO:

Que o pasado 13 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno Local adxudica o contrato do servizo de catering para o comedor escolar do CEIP COIRÓN -DENA á empresa Alimentación Saludable Gallega S.L.

Este novo contrato conleva unha rebaixa no prezo do menú con respecto ó anterior contrato de 0,23€, feito este que resulta sorprendente no contexto actual en que a subida de prezos é palpable e xeralizada en tódolos ámbitos do mercado actual.

No pasado pleno do 30 de setembro este grupo preguntou ó Señor Alcalde sobre cómo era posible esta rebaixa no momento de subida de prezos no que nos atopamos, e pedimos un seguimento do servizo, así como dos menús ofrecidos, posto que posiblemente este desconto conlevase unha perda da calidade do menú, co risco que conleva para a saúde dos nosos nenos e nenas unha alimentación pouco axeitada en idades tan sensibles para o desenvolvemento físico e mental. O Sr Alcalde simplemente se limitou a contestar tildando de “insólito” esta baixada de prezo, sen máis comentario pola súa parte.

Dende hai días estanse a dar queixas, por parte das familias sobre a calidade deste servizo de catering, chegando mesmo a que varios usuarios causasen baixa do mesmo, provocando ademais un problema de conciliación que as familias se ven obrigadas a solventar a través doutros medios, cando este servizo se oferta en gran medida para axudar precisamente neste ámbito.

MANIFESTAMOS:

Estamos convencidos que é o deber dunha entidade pública, como o é o Concello de Meaño vixiar, facer seguimento e defender que os servizos ofertados de xeito municipal e público sexan levados a cabo nunhas condicións de calidade óptimas, máxime cando se fala de servizos en materia social coma o do servizo de comedor escolar.

Resulta polo tanto de total coherencia que ante o mínimo indicio de queixa a cerca do servizo, compre investigar sobre o mesmo e de confirmarse as sospeitas de que non se está a cumprir por parte da empresa adxudicataria dunhas condicións mínimas na prestación do servizo para o que foi contratada, faise necesario dar unha solución o máis rápido posible ás e ós usuarios, do xeito que se estime





Concello de Meaño

oportuno.

Así mesmo dende este grupo e baixo a premisa de que non se pode xogar coa saúde das e dos nosos nenos, cremos que a solución máis axeitada sería a revisión, e si chegase o caso mesmo a rescisión, deste contrato e un novo concurso no que o prezo non sexa o baremo principal para a adxudicación do servizo, se non que o principal factor sexa a calidade do produto e dos menús que se oferten, sendo presumiblemente necesario, facer un seguimento que comprobe e garanta os requisitos de calidade esixidos.

A día de hoxe é significativo que sexan as nais e pais os que tomen a iniciativa de mostrar a disconformidade e descontento co que están a comer as fillas e fillos, e en boa medida grazas á labor das coidadoras do servizo de comedor. Así mesmo, cabe destacar que por parte do Concello nin siquiera se trasladou a baixa do prezo no recibo que se lles pasa ás familias.

O Concello de Meaño debería facer un seguimento e control que verifique o cumprimento dos requisitos de calidade esixidos para a prestación do servizo de catering no comedor escolar do CEIP COIRÓN-DENA.

Así, e por todo o exposto anteriormente solicitamos a seguinte:

MOCIÓN:

Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño:

Esixir á empresa adxudicataria a mellora do servizo que está a prestar no Colexio de Coirón- Dena, instar ó Concello de Meaño á revisión do contrato de servizo de catering coa empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL e promover, si fose necesario, un novo concurso no que o prezo NON sexa o factor principal para a adxudicación deste servizo.

Anuncia por escrito as seguintes preguntas:

1.-CANTO SE PAGOU EN PUBLICIDADE (TV, RADIO, PRENSA ESCRITA E OUTROS) PARA A FESTA DO VIÑO E A CARREIRA POPULAR DE MEAÑO?

2.- CAL É O GASTO EN AVOGADOS NOS XUÍZOS EN MATERIA LABORAL, CONTRAO PERSOAL DO CONCELLO, CELEBRADOS DENDE O INICIO DO SEU MANDATO?CAL FOI O RESULTADO OU SENTENZA DOS CELEBRADOS OS PASADOS DÍAS 14E 17 DE OUTUBRO? E O SEU COSTE? CONTEMPLA VOSTEDE UNHA MELLORA NAS CONDICIÓNS LABORAIS DAS NOSAS TRABALLADORAS DO SAF SEGUNDO AS REIVINDICACIÓNS DESTE COLECTIVO? ABOÁRONSELLE OS ATRASOS REQUERIDOS POLA INSECCIÓN DE TRABALLO?

3.-CANDO SE PREVÉ QUE ESTARÁ ARRANXADO O CRUCEIRO DE COBAS?

4.-CONTESTOULLE A DIPUTACIÓN Ó ESCRITO SOBRE A OBRA DE COBAS? PODE EXPLICAR XA ONDE FORON OS 25.000€ DE DIFERENZA NOS TUBOS DA OBRA?

5.-QUEN É O RESPONSABLE DA VIXIANZA DAS DENUNCIAS DE LIMPEZAS DE FINCAS? CAL É O MÉTODO DE COMPROBACIÓN DO CUMPRIMENTO QUE SE EMPREGA, E QUE SEGUIMENTO SE FAI?

6.-FOI COMUNICADA A AUGAS DE GALICIA O COMEZO DAS OBRAS NO VIAL IGREXA-DENA? CANTAS VISITAS FIXO AUGAS DE GALICIA DENDE QUE COMEZARON AS OBRAS DESTE VIAL? COMUNICÓUSELLE A FIN DA OBRA SI É QUE XA ESTÁ REMATADA? FINALMENTE DECIDE DEIXAR SEN REMATAR A MARXE QUE ESTÁ SIN MURO DE CONTENCIÓN?





Concello de Meaño

- 7.-ESTÁ REMATADA XA A AUDITORÍA SOBRE A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA? SE É ASÍ, TEN ALGUNHA ACTUACIÓN PREVISTA?
- 8.-CANDO SE PODERÁ UTILIZAR O PALCO DA MÚSICA PARA ENSAIO DA BANDA?
- 9.-ONDE VAI COLOCAR O NOVO ADORNO NAVIDEÑO? VAI SER DONADO TAMÉN POLOS SEUS COLABORADORES, OU CANTO NOS VAI CUSTAR? ONDE SE ESTÁ A FACER E POR QUÉN?
- 10.-CANDO COMEZAN AS OBRAS DO PAVILLÓN DE MEAÑO? ONDE SE REUBICARÁN AS ACTIVIDADES QUE SE REALIZAN NESTE PAVILLÓN?
- 11.- CALES SON AS LABORES QUE SE REALIZAN CON CARGO Á SUBVENCIÓN PEDIDA PARA A AXENTE DE EMPREGO?
- 12.- POR QUÉ SOLO SE OFERTAN 25 PRAZAS PARA O DIVERNADAL CANDO HAI MOITAS MÁIS FAMILIAS CON NECESIDADES DE CONCILIACIÓN?
- 13.- COMO ESTÁ O PROCESO DE ADQUISICIÓN DO CAMIÓN DE VOLUMINOSOS PARA O QUE SE PEDIU UNHA SUBVENCIÓN?
- 14.- EN CANTO ESTÁN VALORADAS AS EXPROPIACIÓNS DE HERMINIA FARIÑA?
- 15.- TRASLADOU A MANCOMUNIDADE O ACORDO DO PLENO PASADO? QUE VAN FACER DENDE ESA ENTIDADE RESPECTO DESA PROPOSTA?
- 16.-CAL SERÁ O SALDO BANCARIO (REMANENTE DE TESOURERÍA) A 31 DE DECEMBRO UNHA VEZ EXECUTADO O PRESUPOSTO? CAL É ESTE SALDO A DÍA DE HOXE?
- 17.- CONTESTOU POR ESCRITO QUE NON HOUBO SERVIZO DE CANTINA. REITÉRASE NESA AFIRMACIÓN?

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación, por orde ascendente de representación dos grupos municipais, para que formulen os seus rogos e preguntas; pasandoas a formular e o Sr. alcalde a repostalas, no seu caso.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, polo Sr. presidente dáse por rematada ás 22:52 horas, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato:VIDEO(WMV)

Nombre archivo: {DA34B4A4-9D95-481D-BE87-A1D58A8906DD}.wmv

SHA512(Firma):

148ef7c45d50395377855326339771499b67f990d9c576b32ef43896897b76591b739462e
403f0d39ba2982b781b2a256e514705bac9fb6d5b5ae683c73e83b6

